



PLAN DE ORIENTACIÓN

Departamento de Orientación
Ceip A.D.R.Castelao de Vigo



ÍNDICE:

1. XUSTIFICACIÓN	3
2. MARCO LEGAL	5
3. ANÁLISE DO CONTEXTO E DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES	8
3.1. Características das familias e do alumnado:	10
3.2. Características do profesorado:	11
4. ESTRUTURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	12
4.1. Constitución do Departamento de Orientación	12
4.2. Funcionamento	14
5. FUNCIONS DO DEPARTAMENTO E OBXECTIVOS XERAIS	15
6. ACCIÓNS PRIORITARIAS	16
6.1. Actuacións respecto ao centro:	16
6.2. Actuacións respecto ao profesorado:	16
6.3. Actuacións respecto do alumnado:	17
6.4. Actuacións respecto das familias:	18
6.5. Actuacións respecto ao IES adscrito:.....	18
6.6. Actuacións respecto doutros organismos:.....	18
7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN	19
7.1. Plan de Acción Titorial (PAT).....	20
7.1.1. Obxectivos Xerais	20
7.1.2. Actuacións.....	21



7.2. Plan de Atención á Diversidade (PAD).....	21
8.- CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.....	22
8.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:	22
8.2. FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN:.....	23
9.- ANEXOS.	24
10.- APROBACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.....	24



1. XUSTIFICACIÓN

A orientación educativa é un proceso de axuda que se dá na actividade educativa. O seu obxectivo é o de contribuír ao desenvolvemento integral do alumno/a, co fin de capacitarlle para unha aprendizaxe autónoma e unha participación activa, crítica e transformadora da sociedade.

Polo tanto, entendemos que a orientación consistirá nun proceso de análise e tratamento de situacións educativas, baseándose na axuda e asesoramento a toda a comunidade educativa. Este proceso, para ser eficaz, ten que ser sistemático, planificado e asumido por todos e todas (DO, Equipo Directivo, profesorado, familias); non debemos esquecer, así mesmo, que a orientación e a acción tutorial son intrínsecas á práctica pedagóxica de toda persoa docente.

O Plan de Orientación (**PO**), é o instrumento que articula a **orientación académica** do centro baseándose no desenvolvemento integral da personalidade humana, dando resposta á calidade do ensino. O **PO**, é elaborado seguindo as propostas do **Claustro** e baixo as directrices da **CCP**.

O **Departamento de Orientación** será o responsable de **elaboralo** e contribuirá de forma directa ao seu **desenvolvemento**. O Plan de Orientación marcará as prioridades que temos e está aberto a novas suxestións. Os alumnos/as aos que vai dirixido este PO están escolarizados entre os cursos da Educación Infantil e da Educación Primaria.

Os ámbitos de actuación deste PO serán:



- Alumnado: individual ou en grupo
- Profesorado.
- Familias: entrevistas persoais e charla en grupo para os pais/nais ou titores legais

O Departamento de Orientación, no desenvolvemento das súas actividades, debe asegurar o seguimento e apoio do proceso de aprendizaxe en cada alumno/a e facilitarlle a súa toma de decisións académicas e profesionais, respectando a autonomía dos centros e, en consecuencia, a necesaria adecuación dos plans de traballo do Departamento de Orientación ás peculiaridades do seu contorno educativo.

No que se refire ao modelo de intervención do Departamento de Orientación, tratarase de adecualo ás necesidades que vaian xurdindo, intentando introducir de forma progresiva un modelo de intervención a través de programas. Isto require unha implicación e organización do centro que facilite este tipo de intervención (flexibilización do currículo, horario para a titoría grupal, horas de coordinación dos diferentes axentes de intervención,...).

Para dar resposta ás premisas plantexadas, o Departamento actuará nos seguintes ámbitos interrelacionados:

- ✓ **Acción Titorial.**
- ✓ **Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe - Atención á diversidade.**

En cada un destes ámbitos especificaranse os obxectivos que se pretenden acadar e as actuacións a levar a cabo para conseguilo



2. MARCO LEGAL

Entre a normativa que cómpre ter en consideración, e que guía este Plan, destaca:

2.1.- MARCO LEGAL XERAL

1. Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
2. Decreto 254/2012, do 13 de decembro polo que se regula a admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na LOE. (DOG do 26 de decembro).
3. Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, (...) en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 15 de marzo de 2013).
4. LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
5. DECRETO 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve aa Lei 4/2011, de 30 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
6. Decreto 374/1996 de 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
7. Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG 02-09-1997), da Consellaría de EOU, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.
8. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.



9. Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
10. Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 10 de xullo de 2009).
11. Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 9 de setembro de 2014)
12. Orde do 9 de xuño 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10 de xuño).

2.2.- MARCO LEGAL ORIENTACIÓN EDUCATIVA

1. Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
2. Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG 27-04-1998), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG 31-07-1998), da Consellaría de EOU, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (D.O.G. do 19 de decembro de 1996).
5. Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades



educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (D.O.G. do 28 de novembro).

6. Orde do 27 de decembro de 2002, da Consellería de EOU (DOG 07-11- 1995) (DOG 30-01-03), pola que se establecen as condicións e os criterios para a escolarización, en centros sostidos con fondos públicos, do alumnado de ensino non universitario con n.e.e.
7. Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (D.O.G. nº 213 do 7 de novembro de 1995).
8. Orde do 20 de febreiro de 2004 que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro. (DOG nº 40 do 26 de febreiro).
9. CIRCULAR 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
10. Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
11. LEI 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia
12. LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.



1. ANÁLISE DO CONTEXTO E DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES

O Colexio Alfonso D. Rodríguez Castelao está situado na parroquia de Navia. É unha das parroquias que configuran o termo municipal de Vigo. Situada á beira do mar, na zona Oeste da cidade e fronte á ría do mesmo nome.

Ten unha extensión aproximada de 200 Has e, como todas as parroquias da periferia viguesa, presenta estruturas semirurais combinadas e influenciadas pola gran urbe da que forma parte. Este barrio vigués da cidade sufriu tal “boom” que a Parroquia de San Paio de Navia pasou de ter unha poboación de 2.278 persoas en 2004 ás 11.000 que estiman os veciños e veciñas actualmente, 8429 segundo o censo oficial do Concello a xaneiro de 2021.

O Centro está na rúa Pedra Seixa, na franxa que separa a Parroquia de Navia da Parroquia de Alcabre. Ao seu redor construíronse nos últimos anos:

- A urbanización do Polígono de Navia.
- O Centro de Saúde
- APAMP (Asociación de Familias de Parálise Cerebral)
- ALENTO (Parálise por dano adquirido)
- Escola Educación Infantil Navia do Concello de Vigo.
- Escola Superior de Arte Dramática (ESAD)
- Asociacións de Veciños.

Nestes últimos anos pola presenza desta urbanización a idade media da poboación podemos situala entre 20-40 anos e, a pesares, do forte aumento de poboación urbana, podemos sinalar que tamén persisten moitos sinais de natureza rural.



O Colexio Alfonso D.Rodríguez Castelao é unha escola pública galega, aberta, pluralista e aconfesional, que ten como principal obxectivo a formación de persoas solidarias, tolerantes, respectuosas e libres, tomando como base, promover e defender a realidade xeográfica, sociocultural e lingüística na que estamos inmersos. Desenvolve o seu labor en xornada continuada de 09:00 a 14:00 horas. O centro adscrito de secundaria é o IES Valadares.



Todo e que o número de alumnado galego é moi alto, a lingua habitual dos cativos e cativas é o castelá. O mesmo pasa nas familias, a pesares que todos entenden o galego a lingua habitual de comunicación é o castelá.

"Facer da escola a segunda casa e da casa a segunda escola", creando un clima de seguridade e alegría entre o alumnado e de colaboración coas familias

Os **valores sociais e democráticos**, o respecto polo **medio ambiente** e o fomento da **lingua** e da tradición **cultural galegas**.

Unha sensibilidade especial pola **inclusión**, potenciando a **personalización da aprendizaxe** do alumnado con capacidades diversas e a **colaboración** con entidades adicadas ó seu coidado.

Sinais de identidade

Unha **formación para a vida**, enfocada á consecución das **competencias clave**.

Unha **metodoloxía** de traballo **viva, manipulativa e significativa** que integra o **traballo por proxectos e tarefas**, o traballo por **recantos** e o traballo en **equipos cooperativos**.

A **colaboración** permanente con **institucións** do noso entorno e coa **ANPA**.



O noso centro escolar conta con dous edificios:

- Edificio de infantil: con 6 aulas de infantil.
- Edificio de primaria: no curso 2023-2024 con 10 aulas de primaria en funcionamento.



1.1. Características das familias e do alumnado:

A case totalidade da poboación escolar provén de familias integradas na parroquia de Navia. A porcentaxe de inmigración é baixa (Asia, América do Sur, Europa). O tipo de ocupación das familias é moi diverso, pero o sector que máis predomina é o de servizos.

As familias son, na súa maioría, de nivel social medio, con expectativas académicas moi diversas con respecto aos seus fillos e fillas, na maioría das veces preocupadas pola súa educación e rendemento.



Noutros casos, os menos, hai familias que por razóns diversas (desestruturación, baixo nivel económico e cultural) fan un escaso seguimento, aspecto que temos moi en conta e polo que estamos en constante contacto con Axentes Externos (sobre todo con especialistas do SERGAS e con Servizos Sociais) para poder darlles a resposta máis axeitadas ás necesidades que manifestan e acadar así unha axeitada formación integral.

Por outra banda, indicar que existe unha Asociación de Nais e Pais (ANPA) de alumnos/as que colabora activamente co colexio no desenvolvemento das actividades ao longo do curso.

O alumnado do Ceip A.D.Rodríguez Castelao procede, case na súa totalidade, das Escolas Infantís da zona de Navia; é un número moi pequeno de alumnado que se matricula no colexio sen estar escolarizado previamente nalgunha escola infantil.

Trátase de alumnado moi diverso, con intereses e actitudes moi diferentes, e tamén con estilos de crianza familiar moi diferentes, especialmente na etapa de educación infantil. Esta circunstancia inflúe, lóxicamente na atención que o noso Departamento adica aos distintos niveis, requirindo moita atención no último curso da etapa de educación infantil e, tamén, no primeiro ciclo de educación primaria onde se atopan importantes dificultades de aprendizaxe nunha grande parte do alumnado.

1.2. Características do profesorado:

Na actualidade a metade do profesorado teñen destino definitivo no Centro. Algúns viven en Vigo e nas proximidades da cidade e un grupo menor desprázanse diariamente dende outras localidades colídanter.

O equipo directivo está formado por: Directora, Xefa de estudos e Secretaria.



Como **necesidades educativas** podemos destacar:

- . Un moi alto número de alumnado NEE e outras NEAE.
- . Un alto número de alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- . Un pequeno número de alumnado con problemas de saúde mental e altibaixos emocionais.
- . Un número de familias con problemas socio-económicos e afectivos.
- . Falta de implicación dalgunhas familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- . Necesidade de formación do profesorado.
- . Continuar fomentando actividades de mellora da convivencia.

Por todo isto, dende o punto de vista da orientación educativa, unha das nosas metas será ser capaces de asumir estas condicións e dar unha resposta o máis positiva e axeitada posible, ofertando unha boa información e asesoramento; para iso artellaremos medidas e actuacións precisas, que sinalamos ao longo deste Plan.

2. ESTRUCTURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

2.1. Constitución do Departamento de Orientación

O Departamento está constituído, neste **curso 2023/2024**, polos seguintes membros:



Departamento de Orientación do CEIP ALFONSO D.RODRÍGUEZ CASTELAO	
MONTserrat MARTÍNEZ CAÑAS	Xefa do D.O
Mª JOSÉ FERNÁNDEZ POMBAL	Mestra especialista de A.L
SOFÍA GARCÍA QUEROL	Mestra especialista de P.T
MARÍA JARIO GONZÁLEZ	Mestra especialista de A.L- Alumnado preferente Trastornos Comunicativos
MARÍA RODRÍGUEZ SAIZ	Mestra especialista de P.T- Alumnado preferente Trastorno do Espectro Autista (TEA)
Mª TERESA PRIETO BLASCO	Coordinadora de E.I e Mestra de 6 curso EI-A-
SANDRA GALLEGO DOMÍNGUEZ	Mestra 2º-A- de EP
MIGUEL OLIVEIRA FERNÁNDEZ	Mestre 3º-A- de EP
ANDRÉS OTERO GÓMEZ	Mestre 5ºde EP



2.2. Funcionamento

• Reunións do Departamento orientación:

- Os **luns de 13.10 a 14:00 h.** de forma ordinaria, modificando dita periodicidade se fose necesario segundo o desenvolvemento do curso a reunión será coa orientadora e mestras de AL e PT de atención ao alumnado preferente e
- os **venres de 13.10 a 14:00 h.**, reunión da orientadora coas mestras de AL , PT e PT programa Acompaña.

Gran parte da nosa actuación desenvolverase mediante a participación en diversas estruturas do Centro. Aquí recollemos as **pautas de coordinación** que seguiremos:

- **Comisión de Coordinación Pedagóxica:** a Xefa do Departamento, as mestras de AL, PT, PT programa Acompaña e especialistas de atención ao alumnado preferente, asistirán ás reunións da CCP que se convoquen, asesorando cando corresponda respecto aos temas que se traten na orde do día de cada reunión.
- **Xuntas de avaliación:** a Xefa do Departamento asistirá ás xuntas de avaliación. O profesorado de AL, PT, PT programa Acompaña e especialistas de atención ao alumnado preferente PT asistirá a aquelas nas que se avalíe o seu alumnado.
- **Equipo Directivo:** manteremos un contacto constante co Equipo Directivo, ao que se comunicarán as actuacións que levamos a cabo, así como a súa finalidade e desenvolvemento. Este contacto será especialmente directo coa Xefatura de Estudos.



- **Reunións de coordinación con titores/as:** a Xefa do Departamento participará en reunións cos titores/as para coordinar e establecer plans de traballo; así mesmo, participará asesorando nos temas e materiais que se consideren oportunos. O profesorado AL, PT, PT programa Acompaña e especialistas de atención ao alumnado preferente PT participará tamén nestas reunións.

3. FUNCIONES DO DEPARTAMENTO E OBXECTIVOS XERAIS

As funcións do Departamento de orientación recóllense no **Decreto 120/98**, polo que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas funcións son:

- Valorar as necesidades educativas dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención no seu ámbito de actuación.
- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola CCP, as propostas do PAT, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado, e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación do Proxecto Educativo e Concreción Curricular do Centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagógico para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando corresponda, na adecuación dos criterios de promoción.
- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo/etapa e a resolución de conflitos de relación



interpersoal.

- Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos de programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos o en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, a construción do autoconceito e da autoestima, e no proceso de toma de decisións.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións do contorno.

4. ACCIÓNS PRIORITARIAS

4.1. Actuacións respecto ao centro:

- ✓ Asesoramento á comunidade educativa sobre medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade, así como de mellora da convivencia escolar.
- ✓ Asistencia ás sesións de avaliación.
- ✓ Representación do departamento na CCP.
- ✓ Coordinación de actividades/formación que se establezan a nivel de centro neste curso.

4.2. Actuacións respecto ao profesorado:

- ✓ Coñecemento e concienciación das funcións do Departamento e da titoría.
- ✓ Contextualización do PAT dentro do PE, establecendo, en colaboración cos titores/as, os criterios xerais que deberán orientar o traballo que se realice nas titorías do curso.
- ✓ Asesoramento ao profesorado que o demande nas tarefas educativas e de



seguimento do proceso de ensino/aprendizaxe, facilitándolles os recursos e instrumentos necesarios.

- ✓ Aportarlles información e orientarlles sobre o resultado da avaliación psicopedagóxica dos seus alumnos/as, tendo en conta as características de cada un deles.
- ✓ Colaborar na prevención, detección e orientación de problemas ou dificultades educativas, de desenvolvemento e aprendizaxe que presentan os seus alumnos, elaborando, na medida das súas posibilidades, estratexias e medios para a súa intervención.
- ✓ Orientalos nos procesos de avaliación, recuperación, reforzo educativo, apoio psicopedagóxico, criterios de promoción e posibles consecuencias.
- ✓ Asesorar e ofrecer recursos ao Equipo Directivo e profesorado para mellorar a atención á diversidade.
- ✓ Asesorar na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en especial dos que reciben medidas de atención á diversidade, propondo as oportunas modificacións.

4.3. Actuacións respecto do alumnado:

- ✓ Realizar Avaliacións Psicopedagóxicas cando sexan demandadas e necesarias.
- ✓ Elaboración ou actualización de informes de aqueles alumnos/as nos que se detecten NEE e seguimento do proceso educativo e as medidas de atención á diversidade adoptadas en colaboración cos titores/as do grupo.
- ✓ Asesoramento e apoio puntual e individual segundo as demandas e necesidades.



4.4. Actuacións respecto das familias:

- ✓ Fomentar e facilitar a relación familia-profesorado para a busca de solucións aos problemas ou dificultades que todo alumnado en maior ou menor grao atopa ao longo da súa aprendizaxe.
- ✓ Asesorar e orientar á familia tanto de forma colectiva coma individual para que asuma a súa responsabilidade na formación dos seus fillos e/ou fillas.
- ✓ Incentivar a súa colaboración para o desenvolvemento de actividades ou programas que se realizan no Centro, potenciando así a relación entre familias e profesorado.
- ✓ Implicar ás familias no proceso educativo dos seus fillos/as coa finalidade de mellorar as relacións sociais e a convivencia no centro.

4.5. Actuacións respecto ao IES adscrito:

- ✓ Colaboración coa orientadora do IES adscrito para compartir nos datos necesarios para abordar o seu proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Coordinación no programa de tránsito de primaria a secundaria (Plan de Acollida).

4.6. Actuacións respecto doutros organismos:

- ✓ Colaboración cos servizos sociais do Concello en tarefas relacionadas coa prevención e o desenvolvemento psicosocial do noso alumnado.
- ✓ Contacto e colaboración co EOE cando sexa preciso.
- ✓ Contacto con diferentes organismos: servizos de información á mocidade, outros centros de ensino, CIM, Gabinetes psicopedagóxicos, Policía, ONGs, etc.

5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A resposta ás necesidades educativas específicas (**NEE**) do centro farase **desenvolvendo programas específicos**. Ditos programas divídense en dous tipos: **Programas de prevención e programas de intervención**. A diferenza entre ambos estriba no seguinte: os programas de prevención son aqueles no que a acción educativa tende a evitar a aparición de determinadas anomalías e trastornos, mentres que os programas de intervención tratan de solucionar problemas e carencias xa existentes no alumno/a.

Ambos tipos de programas teñen cabida no contexto escolar, xa que a atención á diversidade vai dende as medidas máis ordinarias e xerais ás máis específicas e significativas.

De prevención para o centro: están incluídos no **PAT** e póñense en marcha nas horas de tutoría. Algúns destes programas serán aplicados cada ano como o programa de tránsito para o IES, plan de acollida para Educación Infantil, plan de prevención de dificultades de aprendizaxe, programa de prevención de dificultades na linguaxe oral,... e outros serán aplicados en función das necesidades como o programa de habilidades sociais, programa de sensibilización contra o acoso escolar, programa de prevención de dificultades na lectoescritura, programa de desenvolvemento de técnicas de estudo,...

De intervención para alumnos/as con NEAE: programa cognitivo-conductual, programa de modificación de conducta, programa instrumental para altas capacidades, programa para estranxeiros (adquisición de linguas), programa de dificultades de aprendizaxe,...

No que atinxe ás **estrategias de intervención** contemplamos as que teñen que ver coa orientación académica (**Plan Xeral de Atención á Diversidade**) e coa acción tutorial (**Plan de Acción Tutorial**). Delas tratamos a continuación.



5.1. Plan de Acción Titorial (PAT)

O labor docente non pode realizarse á marxe dunha acción titorial permanente, e esta acción, encomendada maioritariamente ao profesorado titor/a, non debe abordarse unicamente desde os esforzos individuais do profesorado; debe ser unha tarefa na que se implique todo o centro, coidadosamente planificada e consensuada polos membros da comunidade educativa. Agora ben, sendo función do Departamento de Orientación a elaboración de propostas de acción titorial, cómpre subliñar que a súa concreción e implementación debe ser responsabilidade da totalidade do profesorado, especialmente dos titores e titoras.

O Plan de Acción Titorial é o documento no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías, seguindo as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

O PAT debe asegurar que as decisións globais tomadas no Proxecto Educativo se axusten á realidade de cada grupo.

A titoría ten como función básicas, entre outras, as seguintes:

- Coñecer as aptitudes e intereses de alumnos/as co obxectivo de orientalos/as.
- Contribuír a establecer relacións fluídas entre centro e familia, así como entre o alumnado e a propia institución escolar.
- Coordinar a acción educativa de todos o profesorado que traballa co mesmo grupo.
- Coordinar o proceso de avaliación continua do alumnado e resolver sobre o mesmo.

Dada a importancia destas actuacións resulta obvio estruturalas arredor dun plan, o ***Plan de Acción Titorial***. (*Anexo II*).

5.1.1. Obxectivos Xerais

- Colaborar no desenvolvemento e aplicación do PAT.
- Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos/as alumnos/as.
- Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.

- Facilitar a labor de titores/as, proporcionándolles recursos e materiais.
- Orientar aos pais e ás nais no seu labor educativo.

5.1.2.Actuacións

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Participar na acollida e coñecemento inicial do alumnado.	Setembro/outubro
Informar a titores/as dos datos máis salientables coñecidos sobre o seu alumnado.	Setembro/ Outubro
Participar na avaliación inicial.	Setembro/Outubro
Participar nas xuntas de avaliación.	Finais de trimestres
Participar nas reunións con titores/as.	Ao longo do curso
Deseñar actividades de tutoría encamiñadas a mellorar a convivencia.	Ao longo do curso
Colaborar na aplicación de dinámicas/técnicas de cohesión e coñecemento nas sesións de tutoría.	1º/2º trimestre
Organización charlas de carácter preventivo- Plan Director Convivencia ou similares	A concretar
Organización charlas sobre Educación afectivo-sexual (Quérote +, Nós Mesmas, Alborada ou similares).	A concretar

5.2. Plan de Atención á Diversidade (PAD)

Atender á diversidade implica a acomodación da escola ás necesidades de todos/as os alumnos/as, o que esixe facer os axustes e adaptacións precisas en todos os elementos do proceso educativo.

Neste senso, as decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, como paso previo á individualización e axuste da propia ensinanza na aula e do



servizo educativo considerado globalmente.

A nosa escola asume, pois, o tratamento da diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando para iso os elementos do currículo e provéndoo dos servizos necesarios que, dada a complexidade e pluralidade de aspectos que deben considerarse, entendemos deben articularse mediante o *Plan Xeral de Atención á Diversidade. (Anexo I)*.

8.- CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.

Entendemos que este plan de orientación, mesmo a maioría das actuacións que se desenvolven arredor do proceso de ensino-aprendizaxe, non acadará os niveis adecuados de calidade e funcionalidade se non é obxecto dun permanente seguimento, revisión e actualización. Por iso, entendemos que é necesario realizar un **seguimento da implementación do plan e unha avaliación final del**.

8.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do plan de orientación serán:

A realización das actuacións previstas, en especial no que atinxe ao PXAD e ao PAT (cos correspondentes programas).

- A elaboración de documentos e/ou materiais (circulares, cuestionarios, ...).
- funcionamento dalgún seminario, grupo de traballo e/ou proxecto de formación.
- A celebración das reunións establecidas e o grao de asistencia a elas.



- A atención das demandas recibidas.
- A participación nas distintas modalidades de atención ao alumnado con NEE.
- A opinión dos propios membros/as así coma do resto do profesorado.

8.2. FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN:

Para a avaliación deste plan de orientación utilizaremos as seguintes formas e/ ou instrumentos:

- A relación das actuacións realizadas, dentro das previstas
- A xustificación das accións previstas e non realizadas.
- A relación e xustificación das modificacións e/ou actuacións introducidas.
- A porcentaxe de participación do profesorado en cursos, grupos de traballo e/ou proxectos de formación.
- O número de reunións ordinarias e extraordinarias celebradas.
- A porcentaxe de participación nas reunións do Departamento.
- O número de demandas recibidas.
- O número de demandas atendidas.
- A cantidade e relación de instrumentos e/ou documentos elaborados.
- Un cuestionario que recolla a opinión dos propios membros do Departamento e que recollemos no Anexo III (Documento 1)



- A avaliación do propio PAADO.

9.- ANEXOS.

Inclúense como anexos o **Plan Xeral de Atención á Diversidade (anexo I)**, o **Plan de Acción Titorial (anexo II)** cos correspondentes subprogramas que o conforman e os **documentos, protocolos e cuestionarios de avaliación aos que se fai referencia (anexo III)**.

10.- APROBACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.

Este Plan de Acción Titorial foi aprobado en sesión do Consello Escolar do Ceip A.D.Rodríguez Castelao de Vigo con data 27 de febreiro de 2024.